

ORDE do 26 de outubro de 2021 pola que se convoca o concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación (código de procedemento ED012A).

INFORMACIÓN DE INTERESE:

Prazo de presentación (base 22):

Do 9 ao 29 de novembro.

Forma de presentación (base 20):

Presentación dunha única solicitude no caso de concursar por máis dunha especialidade.

No caso de participar por máis dun corpo, presentarase una solicitude por cada corpo.

As solicitudes cubriranse a través do enderezo www.edu.xunta.es/cxt

Presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

Unha vez impresa a instancia de participación e a de alegación de novos méritos (se fose o caso) presentarase por rexistro.

Data en que se deben reunir os requisitos (base 21):

A 29 de novembro (prazo de finalización)

Lugar de presentación da solicitude (base 22):

As solicitudes (anexo I) presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado accesible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> (código de procedemento ED012A).

Participación forzosa (base 14):

Persoal funcionario procedente dunha situación de excedencia ou suspensión de funcións.

Os funcionarios e funcionarias adscritos a prazas no exterior que deban reincorporarse.

O persoal funcionario que tivese perdido o seu destino definitivo (suprimido, desprazados...).

Persoal funcionario que prestaba servizos en postos non docentes na Administración pública.

Profesorado con destino provisional no curso anterior.

O persoal funcionario en prácticas.

Concurso Xeral de Traslados

Dereito preferente (base 15 a 17):

Por supresión, modificación ou desprazamento (< 5 sesión lectivas) da praza ou posto que desempeñaba con carácter definitivo nun centro.

Para o profesorado dos corpos de catedráticos de ensino secundario, profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional por adquisición de novas especialidades no corpo en que se ten destino definitivo no centro.

Por desempeñar outro posto na Administración pública, con perda da praza docente que desempeñaban con carácter definitivo.

Por finalización da adscrición en postos ou prazas no exterior e reincorporación á docencia en España.

Prazas en centros plurilingües (base 12):

Para optar a elas deberá acreditarse o nivel B2 do idioma da lingua correspondente.

Expediente persoal (base vixésima):

O persoal que xa teña os méritos a alegar no expediente, verá reflexados a puntuación correspondente na súa instancia.

O persoal que NON teña os méritos a alegar no expediente, deberá engadilos en www.edu.xunta.es/datospersoais presentando a documentación xustificativa correspondente.

Reclamacións e renuncias (base 30):

10 días hábiles dende o día seguinte á publicación da resolución provisional na web da Consellería.

As reclamacións ao baremo xa se poderán presentar unha vez se faga público na páxina web da consellería.

As renuncias ó concurso débense presentar por medios electrónicos mediante o trámite activado para este efecto na Carpeta cidadá. Deberá realizarse tamén, dentro deste mesmo prazo, na páxina web do concurso (www.edu.xunta.es/cxt).

SÓ PODEN RENUNCIAR á resolución provisional, todos aqueles que concursen de maneira voluntaria, obteñan ou non destino.

NON SE PODE RENUNCIAR á resolución definitiva do concurso.

Número de peticións (base 24):

Establécese un máximo de 400 peticións nos corpos de profesores de ensino secundario e de 500 no corpo de mestres.

BAREMO	Valoración
1. ANTIGÜIDADE	
Antigüidade no centro	
1.1.1. Antigüidade ininterrompida no centro con destino definitivo.	
Polo primeiro e segundo ano: (0,1666 puntos por cada mes completo)	2 puntos
Polo terceiro ano: (0,3333 puntos por cada mes completo)	4 puntos
Polo cuarto ano e seguintes: (0,5000 puntos por cada mes completo)	6 puntos
1.1.2. Por cada ano como persoal funcionario de carreira en situación de provisionalidade. (0,1666 puntos por cada mes completo)	2 puntos
1.1.3. Por cada ano como persoal funcionario en praza, posto ou centro que teña a cualificación de especial dificultade (0,1666 puntos por cada mes completo)	2 puntos
1.2. Antigüidade no corpo	
1.2.1. Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario no corpo ou corpos ao que corresponda a vacante: (0,1666 puntos por cada mes completo)	2 puntos
1.2.2. Por cada ano de servizos efectivos como persoal funcionario noutros corpos docentes a que se refire a LOE do mesmo ou superior subgrupo: (0,1250 puntos por cada mes completo)	1,5 puntos
1.2.3. Por cada ano de servizos efectivos como persoal funcionario noutros corpos docentes a que se refire a LOE de subgrupo inferior: (0,0625 puntos por cada mes completo)	0,7500 puntos
2. PERTENZA AOS CORPOS DE CATEDRÁTICOS.	
Por ser persoal funcionario de carreira dos corpos de catedráticos de ensino secundario, de música e artes escénicas, de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño.	5 puntos
3. MÉRITOS ACADÉMICOS: (Máximo 10 puntos)	
3.1. Doutoramento, posgraos e premios extraordinarios	
3.1.1. Por posuír o título de doutor:	5 puntos
3.1.2. Polo título universitario oficial de máster distinto do requirido para o ingreso á función pública docente (polo menos 60 créditos)	3 puntos
3.1.3. Polo recoñecemento de suficiencia investigadora ou o certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados. Este mérito non se valorará cando sexa alegado o título de doutor.	2 puntos
3.1.4. Por obter premio extraordinario no doutoramento, na licenciatura ou grao ou, no caso das titulacións outorgadas polos conservatorios superiores de música, pola mención honorífica no grao superior.	1 punto
3.2. Outras titulación	
3.2.1. Titulacións de grao ou equivalente.	5 puntos
3.2.2. Titulacións de primeiro ciclo: Pola segunda e restantes diplomaturas, enxeñarías técnicas, arquitecturas técnicas ou titulacións equivalentes	3 puntos



Concurso Xeral de Traslados

Ensino

3.2.3. Titulacións de segundo ciclo ou equivalente: Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñarías, arquitecturas.	3 puntos
3.3. Titulacións de ensinanzas de réxime especial (EOI, CMUS) e da formación profesional:	
a) Por cada certificado de nivel C2 do Consello de Europa:	4 puntos
b) Por cada certificado de nivel C1 do Consello de Europa:	3 puntos
c) Por cada certificado de nivel B2 do Consello de Europa:	2 puntos
d) Por cada certificado de nivel B1 do Consello de Europa:	1 punto
e) Por cada título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño, técnico Deportivo superior ou técnico superior de Formación Profesional:	2 puntos
f) Por cada título profesional de Música ou Danza:	1,5 puntos
4. DESEMPEÑO DE CARGOS DIRECTIVOS E OUTRAS FUNCIÓNS: (Máximo 20 puntos)	
4.1. Por cada ano como director/a de centros públicos docentes (0,3333 puntos por cada mes completo)	4 puntos
4.2. Por cada ano como vicedirector/a, subdirector/a, xefe/a de estudos, secretario/a (0,2083 puntos por cada mes completo)	2,5 puntos
4.3. Outras funcións docentes: (Ata 5 puntos)	
Por cada ano como coordinador/a de ciclo, coordinador/a do proxecto Abalar, asesor AMTEGA, coordinador de centro plurilingüe, coordinador de sección bilingüe, coordinador de auxiliares de conversa, responsable/coordinador do equipo de actividades complementarias e extraescolares, responsable /coordinador da dinamización das TIC, responsable/coordinador de biblioteca, responsable/coordinador da convivencia escolar, responsable da mellora da calidade educativa e de programas internacionais, coordinador do equipo de dinamización da lingua galega, coordinador de formación en centros de traballo, coordinador do bacharelato internacional, coordinador de emprendemento, coordinador de programas internacionais, coordinador de innovación e formación do profesorado, coordinador de biblioteca de centro integrado, coordinador de residencia, xefe/a de seminario, departamento ou división de centros públicos docentes, asesor/a de formación permanente, asesor Abalar, asesor/a Siega, asesor/a da Consellería de Cultura, Educación e Universidade ou director/a dun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica, así como polo desempeño da función titorial exercida a partir da entrada en vigor da LOE. (0,0833 puntos por cada mes completo)	1 punto
5. FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO: (Máximo 10 puntos)	
5.1. Actividades de formación superadas	
Por actividades superadas que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades do corpo a que pertenza o participante, ás prazas ou postos a que opte ou relacionadas coa organización escolar ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas polo Ministerio de Educación, as Administracións educativas das comunidades autónomas, por institucións sen ánimo de lucro, sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades. (con 0,1000 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas) Cando as actividades veñan expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.	Ata 6 puntos
5.2. Pola impartición das actividades de formación e perfeccionamento indicadas no subpunto 5.1.	
Puntuarase con 0,1000 puntos por cada 3 horas de actividade de formación acreditadas. Cando as actividades viñan expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.	Ata 3 puntos
5.3. Por cada especialidade da cal sexa titular correspondente ao corpo polo que se concursa e distinta á de ingreso.	1 punto



Concurso Xeral de Traslados

6. OUTROS MÉRITOS: (Máximo 15 puntos)	(Máximo 15 puntos)
6.1. Publicacións:	
<p>Por publicacións de carácter didáctico e científico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais do currículo ou coa organización escolar.</p> <p>Puntuación específica asignable aos méritos baremables por esta epígrafe:</p> <p>a) Libros nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):</p> <ul style="list-style-type: none"> – Autor ata 1 punto – Coautor ata 0,5 puntos – 3 autores ata 0,4 puntos – 4 autores ata 0,3 puntos – 5 autores ata 0,2 puntos – Máis de 5 autores..... ata 0,1 puntos. <p>b) Revistas nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):</p> <ul style="list-style-type: none"> – Autor ata 0,2 puntos – Coautor ata 0,1 punto – 3 ou máis autores ata 0,05 puntos. 	Ata 8 puntos
<p>6.2. Por premios de ámbito autonómico, nacional ou internacional convocados polo Ministerio de Educación ou polas administracións educativas das comunidades autónomas.</p> <p>Pola participación en proxectos de investigación ou innovación no ámbito da educación.</p>	Ata 2,5 puntos
6.3. Méritos artísticos e literarios:	
<ul style="list-style-type: none"> – Por premios en exposicións ou en concursos ou en certames de ámbito autonómico, nacional ou internacional. – Por composicións ou coreografías estreadas como autor ou gravacións con depósito legal. – Concertos como director, solista, bailarín/a, solista na orquestra ou en agrupacións camerísticas (dúos, tríos, cuartetos ...). – Por exposicións individuais ou colectivas. 	Ata 2,5 puntos
<p>6.4. Por cada ano de servizo desempeñando postos na administración educativa de nivel de complemento de destino igual ou superior ao asignado ao corpo polo cal participa.</p> <p>(0,1200 puntos por cada mes completo)</p>	1,5 puntos
<p>6.5. Por cada convocatoria en que se actuase efectivamente como membro dos tribunais dos procedementos selectivos de ingreso ou acceso aos corpos docentes a que se refire a LOE.</p> <p>(a partir da entrada en vigor do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro (BOE do 2 de marzo))</p>	0,5 puntos
<p>6.6. Por cada curso de titorización das prácticas do título universitario oficial de máster ou, se é o caso, da formación equivalente regulada pola Orde EDU/2645/2011, do 23 de setembro (BOE do 5 de outubro), para acreditar a formación pedagóxica e didáctica esixida para exercer a docencia en determinadas ensinanzas do sistema educativo, así como pola titorización das prácticas para a obtención dos títulos universitarios de grao que o requiran.</p>	0,1 punto



ATENDÉMOSTE MOI CERCA



A CORUÑA

Avda. Fernández La Torre 27, 3º
15006 A Coruña
Tlf. 981 248 471
ensino.coruna@ugt-sp.ugt.org



FERROL

Rúa do Carme, 43-45, 2º
15402 Ferrol (A Coruña)
Tlf. 981359131
ensino.ferrol@ugt-sp.ugt.org



COMPOSTELA

Miguel Ferro Caaveiro 12, 1º
15707 Santiago (A Coruña)
Tlf. 981573634
ensino.compostela@ugt-sp.ugt.org



PONTEVEDRA

Av. Pasantería 1, 1º
36002 Pontevedra
Tlf. 986858413
ensino.pontevedra@ugt-sp.ugt.org



VIGO

Av. García Barbón 67, 6º
36201 Vigo (Pontevedra)
Tlf. 886132759
ensino.vigo@ugt-sp.ugt.org



OURENSE

AParque San Lázaro 12, 1º
32003 Ourense
Tlf. 988 23 77 90
ensino.ourense@ugt-sp.ugt.org



AROUSA

Rúa Castelao 22. Baixo
36600 Vilagarcía (Pontevedra)
Tlf.986 511213
ensino.arousa@ugt-sp.ugt.org



LUGO

Ronda da Muralla 58, 1º
27003 Lugo
Tlf. 982221854
ensino.lugo@ugt-sp.ugt.org

<https://galicia.fespugt.es/sectores/ensino/actualidade>